

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro “Específico Parte teórica” entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro “Específico Parte práctica” entre os números E56 e E110 da “FOLLA DE RESPOSTAS”.
 3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **180 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na “FOLLA DE RESPOSTAS” é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
 - 9.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a “FOLLA DE RESPOSTAS”, no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A parede da vexiga está formada por:

- A) Tres capas de musculatura lisa.
- B) Dúas capas de musculatura lisa dispostas lonxitudinalmente.
- C) Unha capa cortical externa e unha capa medular interna.
- D) Caracterízase por ter numerosas glándulas mucosecretoras.

2. Se se atrasa en procesar unha mostra de urina 24 horas, pode suceder, que:

- A) Proliferen bacterias contaminantes e a urina se alcalinice.
- B) Os elementos celulares non se disolven.
- C) Proliferen bacterias contaminantes e a urina se acidifique.
- D) Cando se observe ao microscopio ten que facerse con luz polarizada.

3. Na técnica do Vermello de Alizarina para o calcio, éste aparece de cor:

- A) verde pálido
- B) negro
- C) amarelo
- D) vermello brillante

4. En que consiste a fixación tisular?

- A) Nun proceso dinámico polo que os seres vivos paralizan o seu ciclo biolóxico.
- B) En fenómenos degradativos que se producen tras a morte celular.
- C) Na interrupción dos procesos degradativos que aparecen tras a morte celular.
- D) Na consevación do tecido en estado de vida latente.

5. Cal dos seguintes fixadores é recomendable en citoloxía?.

- A) Alcol metílico.
- B) Alcol de 96°.
- C) Depende da coloración que se vaia realizar.
- D) Fixación en seco.

6. O EA 50 é un colorante:

- A) Básico
- B) Ácido
- C) Neutro
- D) Metacromático

7. Na actualidade coñécense máis de 100 xenotipos de HPV. ¿Cales destes son de alto grao?

- A) 6,11
- B) 16,18
- C) 42,44
- D) 40,72

8. Cómo se realizan os bloques en microscopia electrónica?

- A) Realízase en pequenos moldes de plástico ou silicona que se refugan trala polimerización
- B) Nos moldes máis pequenos utilizados en parafina, debido á escasa entidade das mostras para estes estudos
- C) A mostra xa incluída en resina mantén a suficiente consistencia, polo que non se necesita realizar o bloque
- D) Ningunha é correcta

9. Os núcleos das células tínguense xeralmente con colorantes...

- A) Ácidos, debido ao seu pH básico
- B) Ácidos, debido ao seu pH ácido
- C) Básicos, debido ao seu pH ácido
- D) Todas son incorrectas

10. Entre as funcións do tecido conxuntivo atópanse:

- A) Mecánica
- B) Defensiva
- C) Nutritiva
- D) Todas son correctas

11. O centro neurálxico celular onde se deposita a maioría da información xenética e onde se goberna a actividade celular está en:

- A) O núcleo e citoplasma.
- B) O núcleo.
- C) O núcleo, citoplasma e nucleólo.
- D) Entre a membrana plasmática e carioteca.

12. Que medida xeral na prevención e control da infección hospitalaria sinalarías como a máis importante?

- A) Lavado de mans.
- B) Uso de máscara.
- C) Vacinarse.
- D) Aillarse na medida do posible dos pacientes.

13. As substancias que teñen a propiedade de facilitar a inflamación de materiais combustibles atópanse dentro do grupo de:

- A) Substancias comburentes.
- B) Substancias inflamables
- C) Substancias tóxicas.
- D) Substancias explosivas.

14. A técnica de elección para a demostración de bacterias ácido alcol resistentes é:

- A) Ziehl-Neelsen
- B) Pas
- C) Giemsa
- D) Reticulina

15. O labor dos citotécnicos na cuantificación da súa carga de traballo, baséase sustancialmente en:

- A) diagnóstico e validación final das mostras
- B) supervisar, orzamentar e xestionar as áreas de citopatoloxía
- C) proporcionar unha interpretación das mostras citolóxicas do paciente ao patólogo
- D) tomar a mostra biolóxica directamente do paciente nas PAAF

16. No método da tioflavina T, para incrementar a selectividade da tioflavina T polo amiloide, o ph ten que ser:

- A) 1'4
- B) 7
- C) 9'1
- D) 6'2

17. Sinala en cal destas localizacións se atopa o tecido adiposo:

- A) pulmóns
- B) pene
- C) pálpebras
- D) epíploon

18. En que consiste a confección de bloques de parafina?

- A) Na colocación dunha mostra, previa deshidratación, nun molde que encheremos con parafina e deixaremos arrefriar
- B) A introdución da mostra, xa incluída en parafina, nun molde que encheremos de parafina e deixaremos arrefriar
- C) A obtención de bloques celulares de líquidos ricos en células, aos que meteremos en moldes, engadindo parafina e arrefriándoos posteriormente
- D) Ningunha é correcta

19. Nos estudos de calidade considéranse

- A) A eficacia e continuidade.
- B) O nivel científico-técnico.
- C) A accesibilidade e o trato humano.
- D) todas son correctas.

20. A que chamamos aclaramiento dos cortes tras a coloración?

- A) Ao paso destes a auga retirando así o exceso de colorante.
- B) Á utilización de reactivos reductores que diminúen o exceso de colorante.
- C) Á utilización dun líquido anhidro de alta refrinxencia que substitúa ao axente deshidratante.
- D) Á limpeza da preparación de restos de medio de montaxe.

21. O conxunto de técnicas que garanten a ausencia de microorganismos patóxenos e a súas esporas denomínase:

- A) Pasteurización.
- B) Desinfección.
- C) Asepsia.
- D) Esterilización.

22. En que casos esta indicada a realización dunha PAAF (Punción aspiración con agulla fina)?.

- A) Como primeira aproximación diagnóstica nun órgano.
- B) Cando o paciente ten unha adenopatía.
- C) Nódulos solitarios, especialmente superficiais e periféricos.
- D) Todas son correctas.

23. Cales destes colorantes son os correctos para tinguir os citoplasmas das células?

- A) Vermello nuclear, Azul de Celestina B
- B) Fucsina básica, Vermello nuclear
- C) Hematoxilina, Fucsina básica
- D) Eosina, Floxina e Cromotrope –SR

24. Tipos de autopsia clínica:

- A) Simple, composta.
- B) Simple, complexa, moi complexa.
- C) Parciais, totais.
- D) Todas son correctas.

25. Baixo a supervisión dun facultativo o citotécnico debe ser responsable das seguintes tarefas:

- A) Emitir informes clínicos
- B) Screening
- C) Realización das PAAF
- D) Todas son correctas

26. As espiroquetas tínguense de:

- A) azul co método de Levaditi
- B) negro co método de Wartin–Starry
- C) Vermello con Levaditi
- D) verde con Wartin–Starry

27. A morte programada das células denomínase:

- A) Necrose
- B) Cariorrexe
- C) Apoptose
- D) Cariolise

28. O colorante Giemsa é:

- A) Ácido.
- B) Básico.
- C) Neutro.
- D) Sintético.

29. Que tipo de reactivos químicos son usados principalmente na decalcificación?

- A) Alcol Isopropílico, Formol
- B) Metilbutano, Isopentano
- C) Óxido de ferro, Alume de ferro
- D) Ácidos fortes (Nítrico, Clorhídrico, etc.) ou Ácidos débiles (Acético, Fórmico, etc.)

30. Respecto ao segredo profesional é certo que:

- A) A morte do paciente descarga ao profesional da obrigaón de gardar segredo.
- B) As actuacións periciais, de inspección, de investigación ou docencia están exentas de segredo.
- C) O persoal sanitario verase obrigado a romper o segredo profesional cando exista perigo para a saúde pública.
- D) O segredo debe manterse en caso de coñecemento da comisión dun delito.

31. Para separar o ADN doutras estruturas utilizaremos:

- A) Técnica de Gmelin
- B) Reacción de Feulgen
- C) Técnica da melanina
- D) Método Osna

32. Tratamentos do corte incluído en parafina previos á coloración:

- A) Deshidratar, aclarar, montar.
- B) Aclarar, tinguir, montar.
- C) Desparafinar, rehidratar, tinguir.
- D) Desparafinar, deshidratar, tinguir.

33. Son funcións do Técnico:

- A) Comprobar o estado dos reactivos, así como do mantemento dos equipos que estén o seu cargo.
- B) Lavado do material reutilizable.
- C) Almacenamento e arquivo dos bloques de parafina, mostras e preparacións.
- D) Todas son correctas.

34. As mostras para estudo de microscopía electrónica inclúense en...

- A) En celoidina para poder realizar as seccións ultrafinas
- B) En medios de inclusión de elevada dureza
- C) Previa conxelación da mostra durante 24h a -80° , realízase con posterioridade unha inclusión en parafina
- D) Todas son correctas

35. En relación á citometría de fluxo é certo:

- A) A súa aplicación ao material citolóxico é menor que noutras técnicas moleculares
- B) Utilízase no inmunofenotipado de PAAF con sospeita de lesións proliferativas
- C) Utilízase para a detección de inmunofenotipado de lavados broncoalveolares (BAL) de lesións inflamatorias pulmonares
- D) Todas son correctas

36. Os corpos de psamoma relaciónanse máis frecuentemente con:

- A) Carcinoma de ovario.
- B) Carcinoma de ovario e Adenocarcinoma.
- C) Carcinoma de ovario, carcinoma seroso e carcinoma de células claras.
- D) Todas son correctas.

37. Cando hai moitos hematíes nunha mostra de líquido fisiolóxico pódese hemolizar con:

- A) Alcol de 70°.
- B) Alcol metílico.
- C) Ácido acético ao 5%.
- D) Ácido clorhídrico.

38. Técnicas de corte no criotomo. Pasos a seguir:

- A) Conxelación, xeralmente nun medio de conxelación (O.C.T) cortar as seccións e adherilas por contacto ao portaobxectos
- B) Fixación química, posterior conxelación e adherilas ao portaobxectos
- C) Corte das seccións en fresco, posteriormente conxelalas, e adherilas
- D) Todas son correctas

39. A propiedade que teñen determinadas estruturas tisulares de unirse aos ións de prata derivados do nitrato de prata ou prata amoniacal, denomínase:

- A) arxentafinidade
- B) arxirofilia
- C) arxentaria
- D) asperxilo

40. A porción do cervix na que o epitelio glandular está substituíndose por escamoso, denomínase:

- A) Espazo de Hoeven.
- B) Union Mülleriana.
- C) Zona de transformación.
- D) Zona de transmisión

41. A colaboración dos técnicos na realización de necropsias clínicas ou legais realizarase....

- A) Baixo supervisión facultativa.
- B) Non é necesaria a supervisión facultativa.
- C) Os técnicos non teñen competencias para colaborar.
- D) Ningunha é correcta.

42. Tipos de coitelas utilizadas nun ultramicrotomo:

- A) Tungsteno, vanadio
- B) Vidro, diamante
- C) As coitelas utilizadas para a obtención de seccións en parafina
- D) Todas son correctas

43. O microscopio electrónico de transmisión utiliza...

- A) Un feixe de luz moi potente capaz de atravesar o tecido e transmitir a súa imaxe moi aumentada a unha pantalla
- B) Un raio láser alimentado por unha alta tensión eléctrica que transmite moi aumentada a imaxe a unha pantalla
- C) Raios infravermellos a alta presión
- D) Un feixe de electróns 100.000 veces inferior á luz empregada habitualmente

44. É incorrecto que:

- A) Os residuos tipo I poden ser eliminados de acordo coa Lei de Residuos Sólidos Urbanos.
- B) Os residuos tipo II poderán ser eliminados como os de tipo I en determinadas condicións.
- C) Os residuos tipo III deben ser incinerados.
- D) Os residuos tipo IV poderán ser eliminados como os de tipo III en determinadas condicións.

45. ¿Cal destas afirmacións non é correcta?

- A) A inmunofluorescencia en biopsias de pel realízanse para o diagnóstico de lupus
- B) A inmunofluorescencia realízase en biopsias endomiocárdicas para confirmar rexeitamento de transplante
- C) Nunca se utiliza a inmunofluorescencia na biopsia renal para verificar o rexeitamento de transplante
- D) Na biopsia renal a inmunofluorescencia utilízase para o diagnóstico de glomerulonefrite

46. Cales son as partes ópticas do microscopio?:

- A) Pé, columna, platina
- B) Obxectivos, oculares, aparello de iluminación
- C) Pé, platina, revólver, tubo
- D) Todas son correctas

47. A aplicación da inmunohistoquímica na citoloxía, permítenos:

- A) Realizar valoración hormonal
- B) Localizar o tumor primario en lesións metastásicas
- C) Eliminar os cortes seriados da biopsia de ganglio centinela
- D) Realizar biopsais intraoperatorias

48. Que tipo de epitelio reviste o esófago?

- A) Cilíndrico ciliado.
- B) Plano poliestratificado non queratinizado.
- C) Escamoso.
- D) Plano estratificado queratinizado.

49. Que é a Inclusión?

- A) A inclusión da mostra no rexistro do laboratorio para a súa identificación
- B) Os procesos necesarios para a fixación tisular
- C) A confección de bloques en parafina
- D) Todos os procesos que levan a introducir unha mostra a estudo nun medio sólido

50. É correcto que nun hospital xenéranse:

- A) Residuos que non requiren precaucións especiais nin dentro nin fóra do centro sanitario.
- B) Residuos que requiren medidas especiais dentro do centro sanitario.
- C) Residuos biosanitarios especiais, residuos radiactivos, residuos químicos e restos anatómicos.
- D) Todas son correctas.

Preguntas de reserva

51. As técnicas inmunocitoquímicas pódense realizar sobre material de:

- A) PAAF
- B) derrames
- C) cepillados
- D) todas son correctas

52. A impregnación arxéntica fundaméntase en:

- A) Oxidación do nitrato de prata para obter prata metálica
- B) Redución de prata metálica para obter nitrato de prata
- C) Redución do nitrato de prata para obter prata metálica
- D) Oxidación de prata metálica para obter nitrato de prata

53. No tricrómico de Masson con azul de anilina, os citoplasmas, queratina, fibras musculares e hemacias tínguense de:

- A) vermello
- B) verde
- C) azul
- D) negro

54. Clasificación dos colorantes segundo o seu grupo auxocromo e apetencia tisular

- A) 5 grupos: Básicos, ácidos, neutros, indiferentes e metacromáticos
- B) 3 grupos: Ácidos, básicos e neutros
- C) 3 grupos: Ácidos, básicos e metacromáticos
- D) 3 grupos: Metacromáticos, indiferentes e neutros

55. Para conseguir os seus fins a epidemioloxía se fundamenta segundo Jenicek en:

- A) Exactitude.
- B) Clasificación.
- C) Representatividade.
- D) Todas son correctas.

56. Como orientaríamos xeralmente unha mostra de pel por exéresis co bordo profundo pintado de negro na realización dun bloque?

- A) Apoiando os fragmentos orientados pola tinta no fondo do molde
- B) Se non hai unhas instrucións específicas por parte do facultativo, colocaríamos os fragmentos de canto na base do molde, de forma que puidésemos obter seccións que abarcasen da epidermis ao bordo de resección profundo
- C) Apoiando no fondo do molde a parte oposta á tinta
- D) Ningunha é correcta

57. Cuando utilizamos a decalcificación electrolítica . Qué realizamos?

- A) Á aplicación dunha corrente alterna de 100voltios producindo que os sales de calcio salten do tecido
- B) Ao emprego de ultrasonidos dunha frecuencia entre 10 e 11000 ciclos por segundo
- C) A mostra mergullada no decalcificante leva a un forno microondas que acelera o proceso
- D) Ao paso dunha corrente continua polo decalcificante para provocar a ionización da solución, desprazando os cationes cálcicos da mostra ao eléctrodo negativo

58. Cómo contrastaríamos os cortes obtidos en microscopía electrónica?

- A) O primeiro paso de contraste o realiza o tetraóxido de osmio durante o proceso de refixación
- B) O acetato de uranil-magnesio
- C) O citrato de plomo
- D) Todas son correctas

59. Estamos a realizar unha técnica de ferro (Perls) por unha enfermidade por depósitos de ferro. É certo que:

- A) É un método pouco importante por ser o ferro férrico o menos importante nos tecidos
- B) Baséase na propiedade do ferrocianuro potásico para transformarse en hidróxido de ferro
- C) Sempre se deben utilizar cortes con control positivo
- D) O ferro coloréase de vermello

60. Cales destes reactivos poderíamos usar como axentes aclarantes?

- A) Xileno (Dimetil-Benceno)
- B) Benceno
- C) Tolueno (Metil-Benceno)
- D) Todas son correctas

61. Nun estudo de cancro bucal, decídese utilizar un colorante que presenta metacromasia. ¿cal destes é un colorante metacromásico?

- A) azul de anilina
- B) azul de toluidina
- C) violeta de cresilo
- D) ningunha é correcta

62. O estudo da sustancia amiloidea dunha mostra realízase nun microscopio de luz polarizada. En que consiste a polarización dun microscopio?

- A) A división do campo de visualización en dous polos ou zonas horarias as 12h e as 6h
- B) A colocación no microscopio dun polarizador entre a fonte de luz e o condensador e un analizador entre o obxectivo e o ocular
- C) A variación dos contrastes da imaxe utilizando técnicas de absorción e de marcha no sistema óptico do microscopio
- D) Todas son correctas

63. Para o estudo do tecido conxuntivo no laboratorio realízase un tricrómico de Gomori ¿Cal é o ph óptimo da coloración?

- A) entre 2'5 e 2'7
- B) entre 4'5 e 4'7
- C) entre 3'5 e 3'7
- D) menor de 2

64. Para proceder á fixación dunha mostra de citoloxía de urina convencional:

- A) Colocamos o porta-obxectos rapidamente en alcohol de 96°.
- B) Esperamos uns segundos a que se sequen os bordos do material a estudio e pasámoslos a alcohol de 96°.
- C) Deixamos que o material estendido no porta-obxectos se seque.
- D) a e b son correctas.

65. Remítennos unha biopsia de pel para estudo por inmunofluorescencia. Que fixación aplicamos á mostra?

- A) Fixación bioquímica
- B) Fixación inmunohistoquímica para conservación molecular e bioquímica
- C) Fixación física por medios de conxelación rápidos
- D) Ningunha é correcta

66. Cal é a finalidade da xestión dos residuos sanitarios?

- A) Evitar na maior medida posible a acumulación de residuos nun hospital.
- B) Promover ao máximo o reciclado de todos os residuos xerados.
- C) Dar aos residuos sanitarios o destino final máis adecuado en base ás súas características.
- D) a) e b) son correctas.

67. Examinando unha mostra de citoloxía xinecolóxica convencional no microscopio, encontramos células coas seguintes características: núcleos con aspecto de "vidrio esmerilado" e marxinação da cromática, estamos ante:

- A) Cambios producidos por DIU.
- B) Herpes simple.
- C) Cambios por Trichomonas vaginalis.
- D) Torulose glabrata.

68. Estudiamos en citopatoloxía o HPV. Sobre el é certo que:

- A) O HPV considérase o principal axente causal do cancro de colo uterino.
- B) De todos os xenotipos o 16 e 18 son causantes do 90% das verrugas xenitais
- C) De todos os xenotipos o 6 e 11 causan o 70% dos cancros de cérvix
- D) Todas son certas

69. Posteriormente á fixación e deshidratación e antes da súa inclusión en parafina, unha mostra recibe un tratamento de aclaramiento. En que consiste este proceso?

- A) O emprego de métodos de transparentar o tecido
- B) O emprego de axentes deshidratantes
- C) substituír ao axente deshidratante por unha solución mesturable no medio de inclusión
- D) Todas son correctas

70. Cal sería a forma correcta de obter unha mostra de urina espontánea para citoloxía?

- A) Urina de vinte e catro horas.
- B) A segunda urina da mañán.
- C) A primeira urina da mañán e en xaxún.
- D) Ningunha é correcta.

71. Na realización de cortes no criostato para IFD, temos que saber que a temperatura aproximada da cámara fría ten que estar en:

- A) - 5°C
- B) 0°C
- C) -20°C
- D) - 80°C

72. Nunha mostra de citoloxía cervical observamos, no microscopio, células de extracto intermedio, con pregaduras citoplasmáticas e abundantes bacilos de Dodërlain. Poderíamos dicir que a paciente está en fase:

- A) Ovulatoria.
- B) Secretora.
- C) Estroxénica.
- D) Perimenopáusica.

73. Para determinar os melanosomas, que son orgánulos que conteñen melanina, indicannos que realicemos a técnica da DOPA-OXIDASA. Marca a resposta ou respostas correctas:

- A) O tampón fosfato ten que ser menor de 5
- B) Non se pode realizar en cortes por conxelación
- C) Os núcleos pódense contrastar con carmín ou verde de metilo
- D) A actividade DOPA-OXIDASA presenta birrefrinxencia marea

74. Para a eliminación e tratamento de contedores de formol con restos anatómicos, deberase:

- A) Etiquetar os contedores e remitilo á empresa encargada da súa incineración.
- B) Separar o formol e o material anatómico en contedores distintos, antes de remitilo á empresa que xestionará a súa eliminación e tratamento.
- C) En base á proximidade á que se atope a empresa que xestione estes residuos, farase dunha das dúas formas anteriores.
- D) Ningunha é correcta.

75. Material que se pode utilizar para realizar unha PAFF (Punción aspiración con agulla fina):

- A) Agullas, pistola e xiringa.
- B) Agulla, pistola, xiringa e antiséptico.
- C) Agullas, pistola, xiringa, antiséptico e anestésico.
- D) Agullas, pistola, xiringa, antiséptico, anestésico e anticoagulante.

76. Ante un caso de presenza de fungos ¿Qué técnica utilizarías para poñelos de manifesto?

- A) PAS
- B) Gram
- C) Orceína de Shikata
- D) a e b son certas

77. Recibimos no laboratorio para procesar unha mostra de líquido pericárdico coagulada. Que farías?

- A) Devolvela á unidade de procedencia.
- B) Licuala en solución tamponada.
- C) Heparinizala.
- D) Fixala en formol para estudio en parafina.

78. Recibimos unha mostra en fresco, cuberta cunha gasa empapada en soro fisiolóxico. De que pode tratarse?

- A) Dunha biopsia intraoperatoria que deberemos conxelar.
- B) Dunha biopsia de medula ósea que deberemos decalcificar inmediatamente.
- C) Dunha biopsia de pel que require estudo para inmunofluorescencia.
- D) a) e c) son correctas.

79. Temos que determinar un virus mediante bioloxía molecular. É falso que:

- A) A sensibilidade da técnica é unha vantaxe.
- B) Utilizar sempre luvas, sen talco, con cambios frecuentes.
- C) Sempre que sexa posible manteremos as mostras e os reactivos a 4°C durante a extracción e amplificación.
- D) Non son necesarios os controis negativos para controlar a contaminación.

80. A unha mostra xa fixada para o seu estudo por microscopía electrónica. Que procesos necesitaremos realizar ata a súa inclusión?

- A) Rehidratación
- B) Rehidratación e aclaramiento
- C) Deshidratación e aclaramiento
- D) a) e b) son correctas

81. Nunha paciente con infección por VIH realízase un esputo e observamos ao microscopio un criptococo, estamos ante unha infección por:

- A) Bacterias.
- B) Fungos.
- C) Virus.
- D) Parásitos.

82. Que liñas xerais de actuación técnica seguiremos durante a realización dunha autopsia clínica?

- A) A colocación das mostras nos seus respectivos recipientes
- B) A súa identificación se é necesario
- C) A mesma sistemática xeral que cos estudos de biopsias
- D) Ningunha é correcta

83. Para a estandarización dos protocolos de citometría é necesario:

- A) Realizar a calibración do equipo.
- B) Realizar o control de calidade do equipo.
- C) Realizar calibración e control de calidade.
- D) O equipo vén calibrado e o seu control de calidade está verificado en serie.

**84. Recibimos no laboratorio un fragmento óseo en fresco para o seu estudo rutineiro
Cales son os procedementos a utilizar?**

- A) Fixar a peza e posteriormente aplicar os procedementos que dite o facultativo
- B) Procederemos sen demora á descalcificación
- C) Esperaremos a que sexan cortadas as seccións óseas para proceder á súa fixación e posterior descalcificación
- D) Ningunha é correcta

85. Chéganos á sección de citopatoloxía un líquido cefalorraquídeo (LCR). Qué debemos saber sobre este líquido?. Sinala a resposta incorrecta:

- A) Xeralmente obtense do espazo subaracnoideo por punción lumbar
- B) En condicións normáis é claro e transparente
- C) Se é turbio e purulento pode deberse a unha meninxite bacteriana
- D) As células menos frecuentes no LCR son linfocitos e monocitos

86. Nunha citoloxía, que debemos observar ao microscopio para poder facer unha aproximación diagnóstica?

- A) O núcleo: número, forma, tamaño.
- B) O aspecto xeral do estendido incluíndo disposición das células e substancia de fondo.
- C) A estrutura, color, cantidade e relación núcleo citoplasma.
- D) Todas son correctas.

87. Cales son as células que teñen unha importancia crucial para determinar que unha mostra de esputo sexa representativa do espazo alveolar ou das áreas máis profundas da árbore bronquial?

- A) Macrófagos alveolares.
- B) Células plasmáticas.
- C) Linfocitos e neumocitos.
- D) Ningunha é correcta.

88. Recibimos unha mostra de esputo co seu volante onde nos indican sospeita de *Pneumocyste carinii*. Cales serían as coloracións máis indicadas?.

- A) Papanicolaou e Pas.
- B) Papanicolaou e Grocott.
- C) Papanicolaou e Azul alcían.
- D) Papanicolaou e Gram.

89. Estudamos unha paciente diagnosticada de L-SIL. Un biomarcador apropiado para identificar pacientes con CIN de alto grao é a coexpresión de:

- A) S33 e Ki 67
- B) CK19 e Ki 67
- C) P16 e Ki 67
- D) S100 e Ki 67

90. Rematamos unha inmunofluorescencia e o facultativo non pode vela até o día seguinte. ¿Cómo almacenaremos as preparacións preferentemente?

- A) en neveira a 0°C
- B) refrixeradas a 4°C sen presenza de luz
- C) en conxelador a -20°C
- D) a temperatura ambiente preservadas da luz

91. Necesitamos estudar células arxirófilas e facémolo mediante a impregnación arxéntica nun tempo polo método de Grimelius. No paso da fixación durante aproximadamente 30 segundos. ¿en qué solución o faremos?

- A) ácido periódico ó 5%
- B) tiosulfato sódico ó 2%
- C) hidróxido potásico ó 3%
- D) ácido clorhídrico ó 2%

92. Cales de estas coloracións histolóxicas son de conxunto?

- A) Hematoxilina-eosina
- B) Hematoxilina ácida fosfotúngstica (PTAH)
- C) Técnica de Giensa
- D) Todas son correctas

93. Temos que tinguir as citoloxías do día, saberemos que a tinción de elección será:

- A) heatoxilina eosina
- B) Papanicolaou
- C) May Grunwald Giemsa
- D) Diff Quick

94. Un paciente pode adquirir unha enfermidade nosocomial por...

- A) Por contacto co VIH, tras transfusión.
- B) Por contacto con asperxillus vía aérea.
- C) Durante un parto.
- D) Todas son correctas.

95. A un paciente con enfermidade renal, faiselle unha biopsia. Realizamos un vermello Congo. ¿Cal destas afirmacións non é verdadeira?

- A) Os cortes serán en parafina ou conxelación
- B) A fixación optimízase utilizando Zénker
- C) A diferenciación con cloruro sódico a saturación potencia a fixación do colorante ó amiloide
- D) Os núcleos tingúense de azul

96. Unha vez realizada unha tinción co colorante Diff-Quik e esta non sae ben coloreada. Que farías para aumentar a eosinofilia e a basofilia?


- A) Volver a fixar a preparación.
- B) Volver a tinguir co colorante I e co colorante II.
- C) Volver a tinguir co colorante I.
- D) Volver a tinguir co colorante II.

97. Á recepción en laboratorio dunha mostra renal en fresco para o seu estudo por inmunofluorescencia, histoquímico e por microscopía electrónica, Cales serían os distintos procedementos de fixación?

- A) Introdúcese a mostra en formol 1h, posteriormente se secciona en tres partes a mostra para os seus correspondentes estudos
- B) O primeiro fijador a utilizar con toda a mostra é o glutaraldehído durante 24h
- C) Un fragmento en formol, outro por conxelación e outro en glutaraldehído
- D) Ningunha é correcta

98. Ao terminar a súa xornada, un Técnico limpa con lixívia un mesado onde realizou o procesamiento de líquidos biolóxicos. É correcta esta actuación?

- A) Si, xa que é o mellor método para esterilizar calquera material ou superficie.
- B) Non, debería utilizar clorhexidina.
- C) Non, debería utilizar unha solución de fenol ao 10%.
- D) Si, é un bo método para desinfectar superficies.



99. Nunha botella dun reactivo observamos este pictograma. Que nos indica?

- A) Que é tóxico.
- B) Que é irritante.
- C) Que é perigoso para o medio ambiente.
- D) Que é nocivo.

100. Que regras xerais observaremos no manexo do microscopio?

- A) Para cambiar o obxectivo viramos o revólver sen modificar a posición do tubo
- B) Cando se usen técnicas de inmersión evitárase ensuciar as lentes secas
- C) Os obxectivos secos limpanse con auga destilada ou toallitas de limpeza de obxectivos
- D) Todas son correctas

101. Recibimos unha mostra en fresco para o seu estudo por microscopía electrónica. Cales son os fijadores idóneos para este tipo de estudo?

- A) Primeiro fixador o glutaraldehído, segundo o tetraóxido de osmio.
- B) Formaldehído ácido e líquido de Carnoy
- C) Unicamente utilizaremos o tetraóxido de osmio durante 24h
- D) Ningunha é correcta

102. A Asociación Médica Mundial (AMM) promulgou como unha proposta de principios éticos para investigación médica en seres humanos, incluída a investigación do material humano e de información identificables:

- A) Os Principios Bioéticos da OMS.
- B) A Declaración de Milán.
- C) A Declaración de Helsinki.
- D) A Declaración Internacional de Dublín.

103. Con cal destes aparellos de corte realizariamos as seccións a unha mostra para estudo por inmunofluorescencia?

- A) Microtomo tipo Minot
- B) Microtomo de abalo
- C) Criotomo
- D) Todas son correctas

104. Trátase de investigar a causa do falecemento dunha persoa por un acto criminal. En que tipo de autopsia estamos?

- A) Total
- B) Parcial
- C) Legal
- D) Todas son correctas

105. Se observamos ao microscopio un estendido cervico-vaxinal no que as células escamosas presentan tinción anfófila, halos perinucleares, cariólises, binucleación, estamos ante:

- A) Atipia escamosa de significado indeterminado.
- B) Inflamación
- C) Lesión intraepitelial escamosa de baixo grao.
- D) Tratamento hormonal.

106. É necesario facer unha dilución de ácido sulfúrico ao 5% en auga destilada. Como se procedería?

- A) Nunha probeta bótanse 5 cc. de ácido e a continuación 95 cc. de auga destilada.
- B) Bótase nunha probeta 95 cc. de auga e a continuación 5 cc. de ácido.
- C) Nunha probeta bótanse 5 cc. de ácido e a continuación 100 cc. de auga destilada.
- D) Nun matraz bótanse bótanse 5 cc. de ácido e a continuación 95 cc. de auga destilada.

107. Para realizar unha autopsia necesitaremos o instrumental adecuado consistente en...

- A) Balanzas, coitelos, bisturís
- B) Pinzas de diferentes tipos
- C) Tesoiras, sondas, serras, martelos
- D) Todas son correctas

108. Realizamos unha tinción de Papanicolaou, antes da coloración citoplasmática lavamos con alcohol. Por qué?

- A) O EA é un colorante básico.
- B) Para que non se dilúa o colorante.
- C) O EA traballa en medio alcólico.
- D) b e c son correctas.

109. Pídenos que interpretemos os resultados da tinguadura de Gram. É certo que:

- A) Os xermes Gram positivo tínguense de vermello
- B) Os xermes Gram negativo tínguense de azul
- C) Os núcleos aparecen de cor vermella
- D) Todas son correctas

110. Queremos estudar sustancias PAS (+) positivas, e facémolo mediante a técnica do PAS co Reactivo de Schiff. Dí cal destes compostos é PAS (-) negativo con esta técnica:

- A) mucopolisacáridos neutros
- B) glicóxeno
- C) mucopolisacáridos ácidos
- D) mucoproteínas